

LIÑA DO PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO: Competencia comunicativa. Programas de plurilingüismo e internacionalización.**Folla de OBSERVACIÓN FOCALIZADA****Mestre observador: José Manuel Rego García****Mestra observada: M^a Pilar Iglesias Gómez****Curso e área: 4º E. Infantil, lingua estranxeira, inglés****Data e hora: 28 febreiro 2023. // 12:20 – 13:10**

DOCENTE OBSERVADO	COMENTARIOS
É puntual no inicio da sesión?	Si, tendo en conta que a mestra ven doutra aula e doutro curso e precisa cambiar os materiais.
Emprega a lingua inglesa como lingua vehicular na aula?	Para os saúdos, introdución da actividade e inicio da sesión
Ten o material necesario para a sesión?	Si

É preciso no uso do vocabulario?	Usa o vocabulario preciso, relativo ao centro de interese que está a traballar.
Da instrucións claras aos alumnos/as?	Si, claras e curtas, axeitadas á idade.

ORGANIZACIÓN DA AULA	
Nº de alumnos/as	10
Espazos definidos na aula	A sesión desenvólvese ao fondo da aula, onde hai espazo para que os nenos/as estean cómodos arredor da mestra e dos materiais a usar na sesión.
Materiais adicionais aos ordinarios da aula	Carteis, xoguetes, monicreques e o conto “Daniela, the pirate girl”
Situación da mestra con respecto aos alumnos/as	Diante dos alumnos/as, para ser visible por todos/as. Eles/as en semicírculo.

OBSERVACIÓN AO INICIO DA SESIÓN	
Presenta aos alumnos/as ao mestre observador?	Si, xa coñecen ao mestre observador.
Activa os coñecementos previos do alumnado?	Cada actividade nova comeza activando os coñecementos previos que serven de punto de partida.
Presenta os materiais a usar na sesión?	Si, en cada nova actividade son presentados os materiais a usar.
Explica de xeito claro as tarefas a desenvolver na sesión?	Os nenos/as coñecen que hai cambio de tarefas, aínda que ás veces ten que repetir para que lles quede clara a transición dunha acción a outra.

OBSERVACIÓN DURANTE A SESIÓN	COMENTARIOS
A mestra emprega a lingua inglesa en toda a sesión?	Non en toda. Cando intenta manter un discurso largo en lingua inglesa os nenos/as dalgún xeito desconectan. Ao darse conta da distracción, a mestra volve á súa lingua materna para reconducilos e achegalos de novo ao inglés.
Que lingua empregan os alumnos/as de xeito natural?	Castelán.
Que lingua empregan os alumnos/as no desenvolvemento da actividade?	Nas actividades concretas sobre cores, transportes e medio mariño, a lingua estranxeira; na comunicación espontánea, castelá, aínda que de xeito propio reproducen aquelas palabras que coñecen en inglés.
É precisa a repetición de palabras ou frases a ritmo máis lento?	Si, sobre todo cando aparece novo vocabulario ou cando hai que reconducilos cara a outra tarefa.
As instrucións dadas pola mestra son sinxelas e precisas?	Si, ademais de curtas.
A mestra actúa a xeito de guía?	É o fío condutor da sesión, moi dirixida.
Cal é o rol do alumno/a na actividade?	Receptivo, participativo e activo, aínda que algúns deles mostran cansazo cara ao remate da sesión.
As actividades propostas son produtivas?	Entendendo que a produción nesta área se refire á lingua estranxeira como canle de comunicación, o resultado ao final da sesión foi produtivo, recoñecendo vocabulario e reproducindo parte del.

Algúns dos materiais empregados foron xerados con anterioridade?	Os materiais empregados xa existían como recurso para a área de lingua estranxeira, seleccionados previamente pola mestra para a sesión deste día.
Os tempos dados para as transicións son os precisos?	Si, máis longos cando se pasa dunha tarefa a outra e máis curtos dentro da mesma tarefa.
Úsanse medidas de atención á diversidade?	Na aula está incorporado un alumno con TEA acompañado de coidadora, o que facilita que poda seguir a actividade da aula, aínda que só en momentos puntuais a mestra capta a súa atención a pesar de utilizar moito apoio visual
O alumno/a síntese motivado polos materiais empregados?	Todo o material é moi visual, con moita cor e a mestra consegue que teñan “vida propia”, forman parte do grupo na sesión.
Como é o clima xerado na aula entre a mestra e os alumnos/as?	Clima agradable, sesión na que o desenvolvemento xeral ten formato de contacontos e que envolve a todos os alumnos/as.

OUTROS COMENTARIOS. EXEMPLOS

Ante as situacións imprevistas que suceden nunha clase de 4º E. Infantil, quizás hai unha intención excesiva de recuperar o control, de “non perder o tempo”. Penso que o feito de ter unha soa sesión semanal fai que a mestra considere que hai que volver a actividade prevista o antes posible.

A transición do traballo dunha cor a outra estivo ben, cambiando a postura e a dirección na que estaba traballando: na cor “red” o traballo estaba dirixido á esquerda da mestra e cando pasou á “yellow” xirou á dereita. Ao introducir a nova actividade do conto, dirixiuse ao centro e cara adiante. O cambio de tarefa asociado ao espazo parece un bo recurso, vista a participación dos alumnos/as.

O cambio de voz cos monicreques tivo en efecto espectacular na participación dos nenos/as na historia que estaban a contar entre mestra e alumnos/as. Eles/as reproducían o conto coas súas mans sen precisar monicreques, estando implicados totalmente na tarefa.